

# A alacantina Isabel Clara Simó será a vindeira Escritora Galega Universal

► A decana da Institución de les Lletres Cataláns recibirá o galardón o vindeiro día 19 de maio

## AXENCIAS

SANTIAGO. A decana da Institución de les Lletres Cataláns (ILC), a alacantina Isabel Clara Simó, será a vindeira autora distinguida co premio Escritora Galega Universal outorgado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

O galardón destaca a «altísima calidade literaria da súa obra e a defensa da lingua, a cultura e

a dignidade nacional dos Países Cataláns que levou a cabo» como decana da ILC, segundo explicou a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega nun comunicado este martes.

O 19 de maio do ano que vén, durante a III Gala do Libro Galego, que se celebrará no teatro Principal de Santiago de Compostela, terá lugar o acto de entrega dun premio que en anteriores edicións

recibiron autores como Mahmud Darwix (Palestina), Pepetela (Angola), Nancy Morejón (Cuba), Elena Poniatowska (México), Juan Gelman (Argentina), Antonio Gamoneda (Asturias), José Luis Sampedro (Madrid), Lidia Jorge (Portugal), Bernardo Atxaga (Euskadi), Pere Gimferrer (Cataluña), Luiz Ruffato (Brasil) e Hélia Correia (Portugal).

A que será a vindeira Escritora Galega Universal, Isabel Clara Simó, naceu en 1949 en Alcoi (Alacante) e é licenciada en Filosofía, Xornalismo e doutora en Filoloxía Románica. Exerceu como escritora e xornalista, foi delegada do libro da Generalitat de Cataluña e profesora da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona, amais de colaboradora en prensa, radio e televisión.

O seu debut literario foi en 1978 con 'Es quan miro que hi veig clar', que lle valeu en 1978 o premio Víctor Catalá. O Sant Jordi de novela, por 'La Salvatge', é outro dos moitos galardóns na súa traxectoria literaria de máis dun cento de títulos.